

# COPA GALEGA DE NATACIÓN BENXAMÍN

Tempada 2014 - 2015. Circular 14-23.

## 1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES

1.1.- Na Copa Galega Benxamín poderán participar os 16 mellores clubs clasificados da Liga Galega Benxamín, distribuídos en dous grupos: un grupo cos 8 primeiros clubs clasificados e outro cos 8 clubs que ocupen os postos 9 a 16.

1.2.- A Copa Galega Benxamín celebrarase na data establecida no calendario de natación para a presente tempada.

1.3.- Para a designación das sedes, terán preferencia os equipos clasificados en primeiro lugar na Liga Galega Benxamín en cada grupo (1º a 8º e 9º a 16º), sempre que a instalación escollida cumpra un mínimo de condicións. En caso de rexeitar ese dereito, pasará aos seguintes clubs por orde de clasificación.

1.4.- As probas realizaranse nunha soa sesión, que dará comezo ás 17:00 h.

## 2.- PROGRAMA DE PROBAS

1.- 4X50 libre masculino	6.- 50 libre masculino 06	11.- 100 estilos masculino 06
2.- 4X50 libre feminino	7.- 50 libre feminino 06	12.- 100 estilos feminino 06
3.- 200 libre masculino 04	8.- 200 estilos masculino 04	13.- 4X50 estilos masculino
4.- 200 libre feminino 05	9.- 200 estilos feminino 05	14.- 4X50 estilos feminino
5.- 50 libre masculino 05	10.- 100 estilos masculino 05	

## 3.- PARTICIPACIÓN

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

a) Masculina: nados en 2004, 2005 e 2006.

b) Feminina: nadas en 2005 e 2006.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos clubs con dereito a participación.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e dúas remudas.

3.4.- Cada club poderá inscribir 3 nadadores por proba.

3.5.- Cada club poderá inscribir 2 equipos de remudas.

3.6.- Aceptarase substitucións de nadadores até 45 minutos antes do inicio da sesión, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club inscrito na proba.

3.7.- O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas en dita sesión.

3.8.- Os clubs con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. No caso de que algún non participase, o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado na Liga Galega Benxamín.

## 4.- INSCRICIÓN

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos (modelo) correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á FEGAN por correo electrónico a [inscripciones@fegan.org](mailto:inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito ficheiro remitirase, no mesmo correo, a acta de preinscripción que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC.

4.2.- As inscricións para o campionato deberán acharse en poder da FEGAN 15 días antes do comezo da competición, cadrando este día a venres, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas e para substitucións, remitindo o impreso correspondente.

## 5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e en cada proba de remudas.

5.3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.4.- A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

## 6.- CLASIFICACIÓN

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais mais as remudas.

b) Total feminina en probas individuais mais as remudas.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ámbalas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas.

## 7.- TÍTULOS E PREMIOS

7.1.- Entregarase un trofeo ao clasificado en primeiro lugar na clasificación xeral conxunta como Campión Galego da Copa Galega de Natación Benxamín.

7.2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 26 de setembro de 2014

Secretaría Xeral FEGAN